



Acta de reunión

Órgano convocado	ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 29 DE XANEIRO DE 2019								
Lugar de reunión	AULA C5			Ordinaria	<input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria	<input type="checkbox"/>	Urxente	<input type="checkbox"/>
Nº de reunión	4	Data	29/01/2019	Hora inicio	18:30	Hora remate	19:30		
Moderador/a	Director: Xosé Euloxio Santos Leites								
Secretario/a	Secretaria: Mercedes Couto García								
Propósito	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior. 2. Presentación e aprobación, se proceder, da Conta de gastos do ano 2018. 3. Presentación e aprobación, se proceder, do orzamento para o ano 2019. 4. Proposta de actividades para o 2º trimestre. 5. Información e análise dos resultados da 1ª Avalación 6. Autorización intercambio de alumnado de 2º e 3º da ESO de francés e aprobación da solicitude de participación no programa eduexchanges 7. Aprobación, se proceder, da declaración do centro como "escola segura" 8. Outras informacións. 9. Rogos e preguntas. 								
Asistentes	<p>DIRECTOR:Euloxio Santos Leites.XEFE ESTUDIOS: Anxo Rodríguez Rodríguez,Angel Suarez Ríos</p> <p>SECRETARIA: Mercedes Couto García.</p> <p>PROFESORADO:Ces García, Santiago,Montserrat Paz Núñez,Seara Escudero, Santos,Garrido Vilariño, Xoán Fernández Cortés, Mª Carmen,Magariños Rey, Mª Jesús,Rodríguez Nieto, Mónica,</p> <p>PAS:Vázquez Salgado, Ángeles</p> <p>PAIS/NAIS:Calvo Domingo, Almudena.Dotras Botas, Marta.Prieto Morgadas Araceli</p> <p>ALUMNOS/AS:García Iglesias, Nicolás</p>								

Temas tratados

No **1º punto da orde do día**, a Secretaría Mercedes Couto da lectura a acta do Consello escolar do día 11 de Decembro de 2018, aprobándose por unanimidade.

No **2º punto da orde do día** explícase a conta de gastos realizados durante o ano 2018, que ascende a 537.553,26 euros, así como o de ingresos que acada os 721.839,36 euros, do que se desprende que queda un remanente para incorporar ao exercicio de 2019 de 184.286,10 euros. Dáselle o visto e praxe a conta de gastos, para que sexa aprobado polo consello escolar. Apróbbase por unanimidade a conta de gastos.

No **3º punto da orde do día** explícase a proposta de orzamento para o ano 2019 que fai a Comisión económica, que ascende á 585.000 euros. Apróbbase por unanimidade a proposta de orzamentos.

No **4º punto da orde do día** o Sr. Director da lectura a proposta de actividades para o 2º trimestre, coa advertencia de que poderán incorporarse algunha máis que os departamentos consideren de interese. Apróbbase por unanimidade

No **5º punto da orde do día**, o director dá lectura ao informe de resultados da 1ª avaliación do alumnado de ESO e Bacharelato, do que se pode destacar:

- 1º ESO: Os resultados son similares aos do curso pasado
- 2º ESO: Empeora a porcentaxe do alumnado que aproba todo (12 puntos menos), pero incrementase na mesma proporción os que suspenden menos de dúas asignaturas.
- 3º ESO: Bos resultados, mantéñense os que aproban todo (33,3%) e aumentan 18 puntos os que suspenden menos de dúas (62,2%)



- 4º ESO: Melloran moito os resultados respecto ó curso pasado, aínda que non acadan os valores de fai dous cursos.
- 1º BACHARELATO ARTES: Mantéñense o nº de alumnos/as que aproban todo (25%) pero melloran en cerca de 14 puntos (60%) os que suspenden como máximo dúas materias.
- 1º BACHARELATO CIENCIAS: O alumnado que aproba todo mantense en cifras similares ás dos dous cursos anteriores (26%), pero o número dos que suspenden dúas ou menos materias diminúe 14 puntos respecto o curso pasado (50%).
- 2º BACHARELATO ARTES: Hai unha mellora de 5 puntos nos que aproban todo (19,5%) e de 11 puntos os que suspenden dúas ou menos (51,7%)
- 2º BACHARELATO CIENCIAS: Mellorou moito, acadando os valores máis altos dos últimos tres cursos, un 43% aproban todo e un 68% suspenden dúas ou menos.
- En canto aos bacharelatos de adultos, os resultados están completamente condicionados pola asistencia, podemos dicir que salvo o 2º de bacharelato de ciencias que mellora tres puntos, os resultados con respecto ó curso anterior, os demais cursos empeoran.

Acórdase intensificar a acción e coordinación de titoras e titores sobre todo no bacharelato, e intensificar a comunicación coas familias.

No **6º punto da orde do día** o Director informa da proposta do departamento de francés de realizar un intercambio do alumnado de 2º e 3º da ESO co colexio francés de Blaise-Pascal de Saint-Flour (Auvergne). Este intercambio é o terceiro ano que se realiza, pero co obxecto de poder acollerse a orde da Dirección Xeral de educación pola que se regula a convocatoria e selección de centros públicos para participar no programa “Eduexchanges” de intercambio de alumnado con centros doutros países da Unión Europea, é necesario que sexa aprobado polo Claustro e o Consello escolar. A continuación sométese a votación, sendo aprobado por unanimidade.

No **7º punto da orde do día** o Director informa da proposta de declaración do centro como escola Segura contra o acoso LGTBI realizada pola Federación Estatal de lesbianas, gais transexuais e bisexuais, que foi levada a CCP e os departamentos previamente para o seu debate e foi aprobada no claustro de decembro. Corresponde agora ao CE tomar a decisión que considere. Sometida a votación, apróbbase por unanimidade.

No **8º punto da orde** do día o Director informa da dimisión da representante do alumnado Marta Bautista, polo que de acordo coa última renovación celebrada correspóndelle acceder ao alumno Victor Iglesias López de 1º curso de CS de edificación.

En **rogos e preguntas**, fórmulanse as seguintes preguntas:

- A nai Marta Dotras pregunta polo estado do piso da pista cuberta, aclarándolle o director a razón da formación de bolsas de aire e a incapacidade do centro de asumir o seu cambio. A continuación pregunta pola xustificación das faltas por asistencia ao médico, aclarándose que non se precisa informe médico, senón só xustificante da cita. Por último comenta a conveniencia de poñer no exterior do enreixado do centro algún cartel que recolla a prohibición de fumar.
- O alumno Nicolás García comenta a necesidade de avaliar o cumprimento das actividades das “escolas seguras”

Acordos

Aprobación conta de gastos do ano 2018.

Aprobación orzamento 2019

Aprobación do intercambio con Francia e a solicitude do programa EDUEXCHANGES

Visto e praxe moderador/a

O/A secretario/a